

3º EXERCICIO: COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA

INSTRUCCIÓN:

- 1.- Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
- 2.- Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio de lingua galega de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva, que deberán ser contestadas a continuación do recadro "Galego" entre os números **G1** e **G12**, da "FOLLA DE RESPOSTAS".
- 3.- O tempo total de realización do exercicio, é de **15 minutos**.
- 4.- Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
- 5.- Comprobe sempre que o número de resposta que sinala na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
- 6.- Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.

Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
- 8.- Ao rematar o seu exercicio, advírtao á organización para a súa recollida. Debe entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto NON poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: www.sergas.es, logo de finalizados os tempos de exame.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPOSTAS
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

1. Seleccione a frase lingüisticamente CORRECTA:

- A) No documento de instrucións previas, que só pode outorgar unha persoa maior de idade, esta manifesta a súa vontade sobre os coidados que podería precisar no futuro.
- B) No documento de instruccións previas, que só pode outorgar unha persoa maior de idade, esta manifesta a súa vontade sobre os coidados que podería precisar no futuro.
- C) No documento de instrucións previas, que só pode outorgar unha persoa maior de idade, esta manifesta a súa vontade sobre os coidados que podería precisar no futuro.
- D) No documento de instrucións previas, que só pode otorgar unha persoa maior de idade, esta manifesta a súa vontade sobre os coidados que podería precisar no futuro.

2. Seleccione a expresión CORRECTA:

- A) Iso é posibre e desexabre.
- B) Iso é posibel e desexabel.
- C) Iso é posible e desexáble.
- D) Iso é posíbel e desexábel.

3. Das seguintes secuencias de palabras, só unha secuencia é CORRECTA, cal?

- A) Bile, vacina, diabetes, torácica, receita.
- B) Bile, vacina, diabete, toracica, receita.
- C) Bilis, vacina, diabete, torácica, receta.
- D) Bile, vacina, diabete, torácica, receita.

4. Indique a formación plural que NON é correcta:

- A) Rei–reis.
- B) Carácter–carácteres.
- C) Réxime–réximes.
- D) Túnel–Túneles.

5. Cal é o feminino CORRECTO en galego?

- A) Leona.
- B) Cirurxiana.
- C) Vacúa.
- D) Anciana.

6. Cada un dos dous ósos case planos e en forma de triángulo situados a ambos os lados das costas, na parte posterior dos ombros, denomínase:

- A) Omoplato.
- B) Omoplata.
- C) Omóplato.
- D) Omóplata.

7. Sinale a opción CORRECTA:

- A) Me doe o oso do cóbado.
- B) Doéme o óso do cóbado.
- C) Dóeme o óso do codo.
- D) Dóeme o óso do cóvado.

8. Indique o xentilicio INCORRECTO:

- A) Ferrolán-ferrolá.
- B) Alemán-alemana.
- C) Valenciano-valenciana.
- D) Limiao-limiá.

9. Sinale cal é do diminutivo de irmá en galego:

- A) Irmaciña.
- B) Irmaniña.
- C) Irmanciña.
- D) Irmancitiña.

10. Sinale a secuencia que ten unha palabra INCORRECTA en galego:

- A) Subministrar, saúde, inxectar, xarampón, doazón.
- B) Lactación, doador, axeusia, vulto, ombro.
- C) Xerme, pelvis, abdome, varíola, óso.
- D) Anestesia, fisura, glándula, hipoxeusia, asepsia.

Preguntas de reserva

1. Só unha das seguintes secuencias de verbos é CORRECTA en galego, cal?

- A) Construíu, recibíu, pediu, oiu, fuxiu.
- B) Construíu, recibíu, pedíu, oíu, fuxíu.
- C) Construíu, recibiu, pediu, oíu, fuxiu.
- D) Construiu, recibíu, pediu, oíu, fuxíu.

2. Unha das seguintes palabras non se corresponde con esta definición: "resplandor intenso e momentáneo, producido polo raio".

- A) Lóstrego.
- B) Relampo.
- C) Alustro.
- D) Relostro.